

Código de conducta eTwinning



eTwinning constitúe a maior rede de centros educativos de Europa. Todas e cada unha das persoas que o conforman constrúen como é. Aquí expoñemos unhas cantas regras básicas para que eTwinning siga sendo seguro e divertido para todos.

eTwinning é unha plataforma que che axuda a desenvolver as túas habilidades, ampliar a túa rede profesional e mellorar as competencias dos teus alumnos. Por este motivo, o espírito de eTwinning baséase no respecto e a comprensión. As actividades, mensaxes, publicacións e todo o que se desexe publicar en eTwinning debe axustarse ós seguintes principios:

- **Traballa pola inclusión.** As opinións e puntos de vista de todo o mundo son benvidos e permitidos.
- **Non ofendas** a outras persoas en eTwinning como individuos.
- **Non ataques** nin incites á violencia contra outras persoas por cuestións de raza, etnia, orixe nacional, relixión, orientación sexual nin xénero, nin por pertencer a un país, grupo ou minoría.

En eTwinning facemos todo o que está na nosa man para protexer a calquera persoa de abusos e mensaxes non desexados, pero como comunidade activa e plural que somos, contamos con vós para manter unha actitude positiva e reducir incidentes non desexados.

Calquera usuario que non cumpra con este código de conduta recibirá unha chamada de atención e en certos casos será expulsado da plataforma.

Por tanto, animámosvos a que denunciades o que vexades necesario.

Se vos atopades con contidos despectivos ou inapropiados, que violen o Código de conduta eTwinning, podedes poñervos en contacto co servizo de apoio nacional.

A continuación, pica no seguinte enlace para acceder ó [Código de conduta eTwinning](#).

Fonte da imaxe de cabeceira: Pixabay